



Convocatoria o proceso de selección para a contratación baixo a modalidade de contrato de obra ou servizo de duración determinada, a xornada completa de dous (2) xefes de brigada e oito (8) peóns para as brigadas de prevención e defensa contra os incendios aos efectos de dar cumprimento ao Convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Vimianzo para a participación na prevención e defensa contra os incendios forestais e a Addenda ao mesmo. Ano 2021

ANUNCIO

Por acordo da Xunta de Goberno do 21/06/2021 aprobáronse as bases que regulan proceso de selección para a contratación baixo a modalidade de contrato de obra ou servizo de duración determinada, a xornada completa de dous (2) xefes de brigada e oito (8) peóns para as brigadas de prevención e defensa contra os incendios aos efectos de dar cumprimento ao Convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Vimianzo para a participación na prevención e defensa contra os incendios forestais e a Addenda ao mesmo. Ano 2021,(Exp.Tedec: 2021/E001/000004) que se transcriben a continuación.

Primeira.- Obxecto da convocatoria.

O obxecto desta convocatoria é a selección e posterior contratación laboral temporal, baixo a modalidade de contrato de obra e servizo de duración determinada, de dous (2) xefes de brigada e oito (8) peóns para as brigadas de prevención e defensa contra os incendios do concello durante a campaña do ano 2020, a xornada completa (40 h semanais), cos horarios e quendas que se establezan en colaboración e coordinación entre o concello e o Distrito Forestal V, tendo plena dispoñibilidade, incluíndo nela os traballos en domingo e festivos, así como as quendas nocturnas necesarias durante toda a vixencia do convenio, realizando labores de prevención e defensa contra os incendios forestais. A duración do contrato será de tres (3) meses.

Para o desenvolvemento dos traballos de XEFE DE BRIGADA é necesario responsabilizarse dos medios materiais postos á súa disposición, do axeitado funcionamento do persoal ao seu cargo; manter unha listaxe do persoal e medios ao seu cargo; impartir a instrución e o adestramento ao persoal da súa brigada para a extinción; dirixir e traballar no tendido da manguera e participar nas labores de prevención e extinción, e en todos aqueles traballos de extinción que lles sexan encomendados; ter un coñecemento e práctica das especialidades elementais (mochilas de extinción, retardantes, motoserra, desbrozadora, tendidos de manguera..); empregar a maquinaria e os apeiros de manexo manual propios das tarefas encomendadas de defensa contra incendios forestais;ser o responsable das comunicacións da súa brigada co operativo e coa organización da prevención e defensa contra incendios forestais, empregando os materiais encomendados; observar e cumprir as normas de seguridade e prevención de riscos laborais; vixiar o mantemento do vehículo e asegurar o seu estado de operatividade mediante revisións diarias; conducir o vehículo de transporte de brigadas e medios; realizar un parte diario de traballo da súa brigada; comunicar ao CCD, ao entrar de servizo, o número de compoñentes operativos da brigada nesa data; verificar que a estiba do material de extinción no vehículo é axeitada, efectuando un reconto ao rematar cada extinción e solicitando a reposición do deteriorado unha vez rematada a xornada; constituirse en DTE cando actúe illadamente a brigada ou o binomio brigada – motobomba; comunicar periodicamente ao DTE a situación do lume no seu ámbito de actuación, así como o



desenvolvemento dos traballos encomendados; comunicar á superioridade unha análise de situación do lume, no caso de ser o primeiro medio operativo en achegarse a un novo lume; vixiar o estado físico e anímico dos membros da brigada; ler planos e localizar o punto de actuación; facer unha relación semanal das intervencións levadas a cabo; realizar labores silvícolas e medio ambientais encomendadas; participar na execución de queimas controladas. Aqueloutras tarefas que se van desenvolver tanto no ámbito da extinción como no da prevención segundo as necesidades que en cada momento sexan prioritarias, de acordo coas cláusulas do convenio asinado entre a Consellería do Medio Rural e o concello de Vimianzo.

Para o desenvolvemento dos traballos de PEÓN DE BRIGADA é necesario ter un coñecemento básico da loita contra incendios forestais, dos medios que usa a brigada, e das especialidades elementais (mochilas de extinción, retardantes, motoserra, desbrozadora, tendidos de manguera..); levar a cabo obras de construción, mellora e mantemento de infraestruturas de defensa contra incendios; segundo as necesidades de servizo, conducir os vehículos destinados ao transporte de brigadas e materiais do servizo (actuarán indistintamente como condutores da brigada); empregar a maquinaria e os apeiros de manexo manual propio das tarefas encomendadas de defensa contra incendios forestais; auxiliar ao condutor da motobomba se fora necesario; obedecer as ordes do xefe de brigada e da superioridade competente; observar e cumprir as normas de seguridade e prevención de riscos laborais; participar na execución de queimas controladas; realizar labores silvícolas e medio ambientais encomendadas. Aqueloutras tarefas que se van desenvolver tanto no ámbito da extinción como no da prevención segundo as necesidades que en cada momento sexan prioritarias, de acordo coas cláusulas do convenio asinado entre a Consellería do Medio Rural e o concello de Vimianzo.

Segunda.- Requisitos dos aspirantes.

Serán requisitos mínimos dos aspirantes a estas prazas:

- 1) Ter nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do RDLex. 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.
- 2) Posuír a capacidade funcional, así como a capacidade física e psíquica necesaria para o desempeño das tarefas correspondentes ao posto de peón para as brigadas de prevención e e defensa contra os incendios, que se relacionan na base primeira.
- 3) Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- 4) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.



- 5) Contar co permiso de conducir B, ou aqueles outros equivalentes conforme á lexislación española.
- 6) XEFES DE BRIGADA: posuír a titulación de enxeñeiro de montes, enxeñeiro técnico forestal, técnico superior en xestión e organización de recursos naturais e paisaxísticos, técnico en traballos forestais e conservación do medio natural ou formación profesional equivalente.

Os anteriores requisitos deberanse reunir con referencia ao último día do prazo de presentación de solicitudes, e gozar deles ata a toma de posesión, e será nulo o nomeamento dos aspirantes que estean incurso en causas de incapacidade segundo a normativa vixente.

Terceira.- Duración e tipo de contrato.

O contrato de traballo será a xornada completa (40 horas semanais), con unha duración de tres (3) meses, con distribución de quendas segundo o que estableza a alcaldía, ou persoa na que delegue, para dar cumprimento ás cláusulas do convenio.

XEFES DE BRIGADA: O contrato ou obra determinada recibirá a denominación de “capataz para coordinar unha brigada de prevención e defensa contra os incendios forestais ao abeiro do convenio de colaboración asinado coa Consellería do Medio Rural e o Concello de Vimianzo para colaborar no PLADIGA 2021”.

PEÓNS DE BRIGADA: O contrato ou obra determinada recibirá a denominación de “peón de brigada de prevención e defensa contra os incendios forestais, para dar cumprimento ao convenio de colaboración asinado coa Consellería do Medio Rural o Concello de Vimianzo para colaborar no PLADIGA 2021”.

Establecerase un período de proba de 15 días. O persoal seleccionado recibirá formación complementaria conforme ao establecido na cláusula oitava punto 6 do convenio, en relación ás tarefas a desenvolver.

Cuarta.- Retribucións.

XEFES DE BRIGADA: As retribucións estipuladas serán de 1.589,84 € euros brutos mensuais, incluído nese importe a parte proporcional das pagas extras . A cotización á seguridade social determinarase polo grupo de cotización número 5.

PEÓNS DE BRIGADA: As retribucións estipuladas serán de 1.115,29 € euros brutos mensuais, importe que inclúe a parte proporcional das pagas extras (salario e máis parte proporcional da paga extra). A cotización á seguridade social determinarase polo grupo de cotización número 10.

Quinta.- Sistema de selección e desenvolvemento das probas.

A selección dos candidatos realizarase, de conformidade co previsto nas presentes bases, polo sistema de concurso-oposición.

En primeiro lugar levarase a cabo a fase de oposición, e tan só se valorarán os méritos daquelas aspirantes que superen a fase de oposición.



No caso de que un/ha mesmo/a aspirante se presentase ás dúas categorías obxecto da presente selección, realizará unha soa vez aquelas probas que sexan comúns a ambas.

1º. Fase de concurso (puntuación máxima: 3 puntos)

A) Experiencia laboral: ata un máximo de 2 puntos.

Valorarase a experiencia na administración pública ou en empresa privada como persoal integrado no servizo de extinción de incendios: 0,05 puntos por mes traballado.

B) Formación: ata un máximo de 1 punto.

B.1) Cursos de formación relacionados coas funcións propias do posto de traballo, impartidos por organismos ou institucións oficiais dependentes da administracións públicas ou homologados por estas: 0,10 puntos por curso, ata un máximo de 0,5 puntos. Só se valorarán cursos cunha duración igual ou superior a 20 horas.

B.2) Cursos de formación en materia de prevención de riscos laborais impartidos por organismos ou institucións oficiais dependentes das administracións públicas ou homologados por estas: 0,10 puntos por curso, ata un máximo de 0,5 puntos. Só se valorarán cursos cunha duración igual ou superior a 20 horas.

A documentación que se presente para acreditar os requisitos e méritos deberá ser orixinal ou copia cotexada. A experiencia profesional acreditarase con copia dos contratos de traballo e informe de vida laboral ou, no caso de experiencia na administración pública, con certificado expedido pola mesma ou copia do nomeamento e informe de vida laboral.

2º. Fase de oposición (puntuación máxima: 7 puntos)

Proba na que se poñan de manifesto os coñecementos e habilidades para desenvolver o posto de xefe de brigada/peón para as brigadas de prevención e e defensa contra os incendios e diversos coñecementos teóricos ata 7 puntos:

1º. Proba de aptitude física; proba de banco; será eliminatoria; apto ou non apto; Empregarase un banco de 40 cm. de altura para homes e 33 cm. para as mulleres, nas que se baixará e subirá a razón de 90 movementos por minuto (22,5 veces/minuto) durante un período de 5 minutos. O ritmo será marcado cun metrónomo. Unha vez finalizado ese tempo a persoa que teña realizado o exercicio repousará quince segundos e unha vez finalizados tomaráselle as pulsacións (no pulso ou no pescozo, contando as pulsacións durante outros 15 segundos). A proba será realizada nun local tranquilo, sendo necesario unha báscula para obter o peso dos candidatos. Cos datos de idade, peso e pulsacións, verificarase nas táboas (*que figuran nas recomendacións do CLIF para selección de persoal na extinción-*) que acompañan a capacidade aeróbica. Si a capacidade aeróbica é inferior a 40 non será apto para a extinción de incendios forestais.

2º. Proba tipo test de 20 preguntas cunha puntuación de ata 2 puntos. Ten por obxectivo avaliar os coñecementos teóricos nas seguintes materias:

XEFE DE BRIGADA:



- 1.- O Municipio de Vimianzo: xeografía, cultura e historia.
- 2.- Os municipios. Competencias e órganos de goberno.
- 3.- Conceptos básicos en prevención de riscos laborais.
- 4.- Actividades de prevención extinción de incendios forestais; ferramentas e organización
- 5.- Protección de ecosistemas forestais.
- 6.- Coordinación de brigadas
- 7.- Cartografía

PEÓN DE BRIGADA:

- 1.- O Municipio de Vimianzo: xeografía, cultura e historia.
 - 2.- Os municipios. Competencias e órganos de goberno.
 - 3.- Conceptos básicos en prevención de riscos laborais.
 - 4.- Actividades de prevención extinción de incendios forestais; ferramentas e organización
 - 5.- Protección de ecosistemas forestais.
- 3º. Proba práctica cunha puntuación ata 5 puntos.

XEFE DE BRIGADA: Consistirá en realizar unha proba de organización de brigada para partir como operativo diante dunha situación de aviso de lume e outra de manexo de vehículos, maquinaria e medios propios de actuación da brigada.

PEÓN DE BRIGADA: Ten por obxectivo avaliar os coñecementos prácticos na prevención e extinción de incendios (uso da desbrozadora e manexo de mangueira).

Para a valoración desta proba práctica, o tribunal poderá solicitar a colaboración/asesoramento de persoal municipal con coñecementos similares aos do posto ou de asesores externos.

4º. Proba de galego: en aplicación do previsto no artigo 51.2 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia respecto da acreditación do galego, aquelas persoas que non acrediten estar en posesión do certificado de iniciación ao galego ou equivalente, terán que realizar unha proba de galego, que será cualificada como apto ou non apto e terá carácter eliminatorio. Quedarán exentas da realización desta proba aquelas persoas que acrediten, coa presentación da instancia, estar en posesión do certificado de iniciación ao galego ou equivalente.

Será necesario obter unha puntuación mínima de 4 puntos para superar a fase de oposición.

As persoas aspirantes serán convocadas para a fase de oposición en chamamento único, quedando decaídas no seu dereito as persoas que non comparezan a realizalo, salvo casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciados discrecionalmente polo tribunal.



As persoas aspirantes deberán presentarse provistas do DNI, ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do tribunal, e tamén as vestimentas e os medios materiais adecuados que sexan necesarios para a práctica.

Se durante o desenvolvemento do proceso selectivo chegase a coñecemento do tribunal que algunha das persoas aspirantes carece de calquera dos requisitos esixidos na convocatoria, será excluído/a, previa audiencia, comunicándose con axilidade á autoridade que convocara o proceso selectivo.

Os anuncios relativos ás diferentes fases do proceso serán publicados no Taboleiro de Anuncios do concello e na web municipal (www.vimianzo.gal).

Para a realización das probas, tomaranse as medidas de seguridade precisas en relación co COVID-19, debendo as/os aspirantes presentarse co seu propio bolígrafo e mascarilla, debendo haber unha distancia mínima en todo momento entre os aspirantes de 2 metros. Durante a realización das mesmas adoptaranse as medidas necesarias para garantir a seguridade dos aspirantes.

Sexta.- Presentación de instancias e procedemento de selección.

O prazo de presentación de instancias solicitando participar no proceso selectivo dirixiranse á Sra. Alcaldesa do Concello de Vimianzo, e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, ou por calquera dos medios que establece o artigo 16.4 da Lei 39/2015, no prazo de CINCO DÍAS HÁBILES a contar dende o seguinte a publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia. No caso de presentar a solicitude por medio distinto ao do rexistro municipal, deberase adiantar no correo electrónico (correo@vimianzo.gal), un resgardo de ter presentado a solicitude dentro do prazo de presentación de instancias.

Aquelas solicitudes que se presenten fóra do prazo establecido a tal efecto, quedarán excluídas do proceso de selección.

Xunto á instancia, que deberá presentarse conforme o modelo do anexo I, debe presentarse a seguinte documentación:

- α) Copia simple do DNI.
- β) Copia simple do permiso de conducir esixido.
- χ) Copia simple do título académico esixido (só para os xefes de brigada).
- δ) Declaración xurada na que se faga constar expresamente que o aspirante posúe capacidade funcional para o desempeño das tarefas do posto.
- ε) Xustificante dos méritos que aporta para a súa valoración no concurso.
- φ) Copia simple do certificado de iniciación ao galego ou equivalente, de ser o caso.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Sra. Alcaldesa, mediante resolución aprobará a listaxe provisional de admitidos e excluídos. Dita resolución será definitiva de non haber excluídos, e será exposta no taboleiro de edictos do Concello e na páxina web municipal,



relacionándose os aspirantes excluídos coa indicación da causa de exclusión. Nesta resolución incluírase a composición do tribunal.

Os aspirantes excluídos disporán do prazo de DOUS DÍAS HÁBILES para reclamacións e corrección das deficiencias sinaladas, a partir da publicación da listaxe provisional no taboleiro de edictos e na páxina web.

Estas reclamacións e correccións serán aceptadas ou rexeitadas na resolución que aprobe a listaxe definitiva, que se publicará na mesma forma. Na mesma indicarase a data, hora e lugar de celebración das probas.

Contra a resolución na que se declare a exclusión definitiva do aspirante, poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o órgano que ditou o acto, ou directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, ante a Xurisdición Contenciosa-Administrativa, contados a partir do día seguinte ao da publicación.

Sétima.- Tribunal cualificador.

1.- O tribunal cualificador designado pola Alcaldía - Presidencia (en virtude do artigo 21.1.g) de 7/85 de 2 de Abril reguladora das Bases do Réxime Local), e en base ao establecido polo RDLex. 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, estará integrado polos seguintes membros:

Presidente/a: un/ha funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo do Concello de Vimianzo.

Secretario/a: un/ha funcionario/a de carreira do Concello de Vimianzo.

Vogais: tres funcionarios/as de carreira ou persoal laboral fixo da administración local, autonómica ou estatal.

2.- O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, como mínimo, de tres de seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso o presidente e o secretario ou persoas en quen deleguen. De todas as reunións que faga o tribunal o/a secretario/a redatará acta.

3.- Os membros do tribunal absteranse de intervir e o comunicarán á autoridade convocante cando concorran algunhas das circunstancias prevista no artigo 23.2 da Lei 40/2015. Os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran aquelas circunstancias.

4.- O tribunal resolverá tódalas dúbidas que xurdan en aplicación das presentes normas así como nos casos non previstos polas mesmas.

5.- O tribunal non poderá aprobar nin declarar que superou o procesos selectivo un número superior de aspirantes ao de postos de traballo convocados, aínda que co resto de solicitantes non seleccionados se establecerá unha orde para cubrir as posibles vacantes que puideran producirse, so válido para a presente convocatoria.

6.- Aos efectos de percepción de asistencias polos membros concorrentes ás sesións dos tribunais, estes estarán clasificados segundo se indica no RD 462/2002 de 24 de maio (e normativa concordante e/ou substitutiva).



7.-Os membros do tribunal deberán tomar as medidas necesarias para previr situacións de contaxio derivadas do COVID-19, para o que, o concello deberá provevelos dos EPIS necesarios, os cales serán de utilización obrigatoria. Así mesmo, deberán de manter unha distancia mínima de seguridade de dous metros entre eles.

8.-Unha vez realizadas as probas, publicaranse no taboleiro de anuncios e no apartado emprego da páxina web os resultados acadados por orde de puntuación, e darase o prazo de dous días hábiles para que as persoas interesadas presenten alegacións no Rexistro xeral do Concello ou por calquera dos medios que establece o artigo 16.4 da Lei 39/2015.

Neste último caso, deberán adiantar no correo electrónico: correo@vimianzo.gal, un resguardo de ter presentado a alegación dentro do prazo de presentación.

Unha vez rematado o prazo anterior, o tribunal elevará proposta á alcaldía das persoas que cumpren os requisitos para os postos de dous (2) xefes de brigada e de oito (8) peóns para as brigadas de prevención e defensa contra os incendios, e que obtiveran ás maiores puntuacións.

Destes oito peóns os dous primeiros que acaden maior puntuación serán os que ocupen o posto de peón condutor.

Estes dez (10) aspirantes deberán pasar un exame médico que verifique a súa capacidade funcional para o desempeño, respectivamente, dos postos de traballo de xefe de brigada e de peón de brigada de prevención e defensa contra incendios forestais, en vista do obxecto das tarefas a realizar, e descritas nestas bases. O resultado será apto ou non apto. Se algún dos aspirantes non pasa o exame médico quedará eliminado, correndo a lista ao seguinte con máis puntuación, que tamén deberá pasar o exame médico.

Os restantes aspirantes que superaron dito proceso pasarán a integrar una bolsa de reserva, para os casos de baixas, vacacións ou renuncia por parte dalgún dos contratados neste proceso selectivo, que, se é o caso, deberán pasar un exame médico.

Oitava.- Formalización dos contratos.

A proposta do tribunal cualificador elevarase a Alcaldía - Presidencia, para a resolución do expediente de selección, mediante decreto, que será publicado no taboleiro de anuncios do Concello.

A formalización do contrato laboral cos aspirantes seleccionados será competencia da Sra. Alcaldesa - Presidenta; os/as aspirantes deberán incorporarse ao seu posto de traballo no prazo máximo de cinco días, dende que sexan requiridos para iso.



ANEXO I

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO SELECTIVO PARA DOUS (2) XEFES DE BRIGADA E OITO (8) PEONS DE BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS

Nome e apelidosDNI

Enderezo: Municipio:

Teléfono: Correo electrónico:

EXPOÑO

Que teño coñecemento da publicación das bases para cubrir postos de traballo temporais de dous (2) xefes de brigada e oito (8) peóns de brigada de prevención e defensa contra incendios forestais as cales acepto, e declaro que cumpro os requisitos xerais e específicos esixidos: (indicar o que proceda)

- 1) Que coñezo a lingua galega SI NON
- 2) Que teño o permiso de conducir: B
- 3) Que teño nacionalidade española: SI NON
- 4) Que posúo a capacidade funcional para o desempeño das tarefas: SI NON
- 5) Que cumpro o requisito de ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa. SI NON
- 6) Que cumpro o requisito de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.

SI NON

Por todo iso,

SOLICITO

Que teña por presentada a miña candidatura para o proceso de selección de (marcar cun X o que proceda):

Xefe de brigada Peóns de brigada.....

No reverso relaciono os documentos que presento en relación aos requisitos e baremos que figuran nas bases.

Vimianzo,..... de 2021

Asdo.:

SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE VIMIANZO



RELACIÓN DE DOCUMENTOS QUE ACOMPAÑO (copia simple):

- DNI
- Título académico esixido (só para xefes de brigada)
- Permiso de conducir B
- Documentos que acrediten os méritos alegados (experiencia laboral e/ou formación)
- Galego
 - o Certificado de iniciación (Celga 3) ou equivalente

Bases propostas pola Alcaldía.

O que asino en Vimianzo.

A alcaldesa

Mónica Rodríguez Ordoñez

(documento asinado electrónicamente)